



PASEOS LITERARIOS POLA PROVINCIA DA CORUÑA 2021

**BEA MACEDA
AS MULLERES-XANELA DA MIÑA
INFANCIA NO BARRIO DE BEIRAMAR**



asociación de
escritoras
escritores
en lingua galega
www.aelg.gal



Deputación
DA CORUÑA

As mulleres-xanela da miña infancia no barrio de Beiramar

Beatriz Maceda Abeleira

Cando me propuxeron no 2017, desde a AELG, realizar un roteiro literario, o primeiro que pensei é que até ese momento ningún dos meus libros, no seu espazo físico, tiñan á cidade da Coruña como protagonista.

Pero a memoria, que sempre ten unha parte de maxia, para min sorprendente, por carecer dela en canto a rexistrar datos e datas, apareceuse do xeito que mellor me funciona, a través do visual e das emocións.

Empecei a lembrar, velaí a maxia, a miña bisavoa María e a todas as mulleres da miña infancia no barrio de *Calderetas*, hoxe xa desaparecido, tal como era, por mor do urbanismo que, en moitas ocasións, a súa ambición por borrar a memoria non ten límites.

Malia que eu nacín no barrio de Beiramar, todas as tardes e no verán os días enteiros, saltando de rocha en rocha, a nena que era nese momento, facía ese percorrido até o da miña bisavoa na compañía do mar, do seu recendo, dos percebes que collera o bisavó na Torre, e que eu merendaba como se fosen un bocadillo de chocolate.

Nesa memoria visual e emocional, apareceron todas as mulleres afoutas da miña infancia. E como soe acontecer, unha cousa leva a outra, e atopeime coas Mapoulas, as Libertarias.

Este é só un pequeno percorrido, mais feito desde o respecto, a admiración e o agradecemento a todas elas. Tamén quixen que nos acompañase a poeta que escribiu o poemario máis fermoso que pode ter unha cidade, Luísa Villalta. *En concreto* (Espiral Maior, 2004). No que a paisaxe humana e urbanística alcanza cotas dunha gran fermosura e intensidade.

O roteiro é unha pequena homenaxe a elas, ás que nos precederon abrindo xanelas á liberdade.

- Praza da Leña (encontro)



*Pero entre nós algúns de nós
colunas, deuses, miraxes, lumes
mendicantes do tempo sobre as ondas que volven
vento de rostro sixiloso e contumaz
aniñamos sen temor nos muros derruídos
xa invencíbeis
da memoria.*

Do libro *En concreto*, que nos acompañará neste percorrido porque a súa poesía está chea da mesma forza e a mesma verdade que os que habitaron estes barrios.

No *Diccionario de filosofía* de Ferrater Mora, podemos atopar esta definición da palabra: **Concreto** aplícase moitas veces a algo que é estimado como real no sentido de que é efectivo e experimentado pola sensación.

Estamos feitos de sensacións concretas, do que lembramos, que as veces pode estar idealizado, por iso non sei se todo o que vos conto é real, pero hai unha lembranza, unha *sensación concreta* que perdura en min malia o paso do tempo, a afouteza das

mulleres desta zona da Coruña; a Praza da leña, a rúa san Xoán, a rúa san Xosé; as mulleres do meu barrio de Beiramar no que nacín, da miña bisavoa materna María (que non sabía escribir e cando se xubilou, dixo: nena, estou farta de andar co dedo pintado de cor lila cada vez que vou ao banco, apréndeme a escribir o meu nome, María da Escravitude Mejuto Segade). Non lle gustaba o seu nome.

Mentres pensaba no meu barrio e nesa sensación concreta da que vos falo, empecei a preguntarme de onde viña esa afouteza das mulleres. Encontrei a explicación na morte, no silencio, nas ganas de liberdade, de avanzar como as ondas do mar, e tamén como as ondas do mar elas, estas mulleres, romperon contra as rochas do fascismo.

A miña bisavoa María

Contigo aprendín a xogar coa necesidade, a rir na tristura, a memorizar refráns que eran case como *Google* dando información. Unha mañá nunha tenda á que non soías ir, mentres o meu ollo dereito, no esquerdo levaba un parche, miraba con desexo as chuches, ti lle dixeches a aquel home: «*Coa muller e o diñeiro non xogues compañeiro*», agarraches con forza a miña man e saímos sen mercar nada mentres o meu ollo dereito despedíase daquel manxar infantil.

Naquelas tardes de inverno nas rochas, co mar para nós, mentres debullabas chícharos eu quixen saber porque tardaban máis en chegar as estrelas en decembro: «*Pola santa Lucía medra o día unha pisada de galiña*» e aqueles pases de revista antes de saír da casa, nena: «*Abrígate por febreiro con dúas capas e un sombreiro*», «*Marzo, marzán: cara de rosas pola mañán e pola noite cara de can*». Era todo tan lóxico cunha soa frase!

Levabas a afouteza, como todas as mulleres do teu barrio, coa mesma seguridade que o cántaro cheo de auga na cabeza, e as mans apoiadas nas cadeiras que movíanse lentas pero seguras e sensuais coma as de Kim Novak na escena do embarcadoiro.

Daquela, vivir nun barrio era como vivir nunha gran comunidade, onde todas nos coñecíamos e nos apoiabamos.

Unha noite a cea quedo na mesa, tiñamos que axudar a apagar o lume na cociña da señora Paca, que era a que poñía as inxeccións a todas, nunca souben se tiña algún título ou non, pero dábanos *tofes*, segundo ela o azucre era bo despois das inxeccións, a saber, ao mellor algún día lemos no *Facebook* ese gran descubrimento.

O azucre non só formou parte da miña vida a través da señora Paca, tamén cando escoitabamos unha noticia na radio que, por algunha razón que eu descoñecía, facía que saíramos disparadas a mercado. Hai medos que quedan no corpo.

E a enfermería de Xosé! A ningún neno ou nena se lle ocorría ir até a súa casa a curar as feridas de guerra, íamos á tenda de Xosé. El tiña *mercromina* e *tiritas* para todas. Así eran os barrios, solidarios e cheos das nosas risas e berros porque xogábamos na rúa.

E polo medio anuncios publicitarios: «*O afiador! Xurelos viviños!*»

E cando pasaba o cobrador do Ocaso, as mulleres entre risas lle berrábades: «*Ocaso, veña despacio!*»

Unha das palabras que mais escoitaba na túa boca e na de todas as mulleres do barrio era *avío*, case todo facía avío: a roupa da veciña, unha cadeira que alguén deixara na rúa para tirar... hoxe bisavoa chamámoslle reciclar, mais non se estila.

Ás veces, dábaslle descanso á ledicia e desaparecías mirando cara ao faro.

Perderas o teu primeiro home. O amor primeiro. O que pasearon por roxo e mataron no Campo das Ratas. Estabas embarazada do primeiro fillo.

Agora podo poñer palabras aos teus silencios.

A Coruña e o Movemento Libertario

Esta cidade, desde finais do século XIX, foi o bastión do anarcosindicalismo galego, con máis de doce mil traballadoras e traballadores afiliados á altura de 1932, cunha poboación de corenta e cinco mil habitantes.

A Coruña foi o centro máis importante do movemento libertario de mulleres que participou na resistencia ante o fascismo, tecendo unha rede de casas de acollida que durou até a chamada caída das Atochas o 10 de xullo de 1937, na que asasinaron na madrugada dese mesmo día a María Otero González (servía de enlace co anarquista arxentino de orixe grega, Antonio Fournarakis) e que vivía na súa casa da Atocha Alta, 55. Ao redor desta praza, pola rúa da Torre, Atocha, san Amaro, rúa Cartuchos estaban as casas de acollida de Paca, Alejandra, Teresa... a lista é moi longa. Por iso imos coñecer a dúas delas. Non é doado buscar a historia das mulleres no pasado.



Sebastiana Vitales Gastón.

Aínda que aragonesa, emigrou aos EEUU, alí adoptou o ideario anarquista na Colonia Francisco Ferrer, o seu compañeiro era fisterrán, polo que regresaron á Coruña e integrouse na FAI, onde traballou a reo e destacou como oradora nos numerosos actos libertarios dos anos finais da República e acompañou a Federica Montseny ao mitin que pronunciou en Betanzos, San Pedro de Nós e a Coruña. Despois do levantamento militar do 36 ela e o seu compañeiro mantivéronse resistentes até que el finalmente sería paseado. Acolleu na súa casa persoas perseguidas polo que foi detida e levada durante un tempo a prisión. Cando saíu do cárcere estivo agachada dous anos nos que sobreviviu levando pan branco de Sada á Coruña e logo vendendo froita nas minas de wolfran de Agualada-Coristanco, para isto camiñaba catorce quilómetros coa súa filla Luz. Pasou fame mais, aínda así, leváballe comida aos presos. No ano 1954 decidiu exiliarse e marchou a Venezuela, alí mantivo contactos con galegos e xente vinculada ao anarquismo. Morreu no ano 2000.

A Coruña foi a única cidade galega na que no período republicano existiu un grupo anarquista feminino chamado *Vanguardia feminina*, que tivo en Sebastiana a súa militante máis destacada.




BASILISA ÁLVAREZ GONZÁLEZ (2ª parada onde estivo a súa casa)



Na esquina da rúa san Xoán coa rúa san Xosé, vivía Basilisa Álvarez González. Unha muller de orixe moi humilde, tanto, que desde moi noviña para sobrevivir tivo que dedicarse á prostitución. Mais logo foi delegada da Sección de Empacadoras do

Sindicato da Industria Pesqueira e da agrupación de Mulleres libres. Despois do levantamento do 36 colaborou activamente na rede de apoio aos fuxidos. Na súa casa estiveron agachados moitos anarquistas, até o 18 de xuño de 1937 en que foron descubertos e foi asaltada. Na redada foi detido un dos anarquistas, Antonio Chamorro, mais ela e o resto dos agachados conseguiron fuxir por unha fiestra. As fuxidas chegaron até Santo Amaro, e alí Basilisa guindouse ao mar e simulou que afogara, mesmo aos ollos dos seus compañeiros. Logo pasou a vivir co nome clandestino de Sofía Rodríguez. Foi encausada no proceso contra Chamorro sendo declarada en rebeldía e ditando contra ela orde de busca e captura. Este tempo da clandestinidade foi moi duro, vivindo agachada por montes e aldeas pedindo esmola, até que volveu á Coruña a refuxiarse na Gaiteira na casa dunha compañeira, Emilia Calderón. Colaborou na tentativa de fuga na traiñeira “Tres irmáns” do Portiño. A consecuencia desta tentativa foi detida no outono do 38 e condenada a 20 anos de cárcere.

Nas causas nas que foi procesada aparece relatada a dureza da súa vida e a súa firmeza como militante, tamén datos como que tiña 42 anos no momento da detención, que era inimiga acérrima da relixión e que na manifestación do 1 de maio do 36 ía á fronte portando unha bandeira vermella e vestida toda ela de vermello. Chamábanlle A Corales.



Estes son só dous exemplos, pero hai moitas e sen dúbida, todas nós, mulleres máis libres, temos unha débeda con elas.

▪ ATOCHA ALTA (PRAZA DO CORO CÁNTIGAS DA TERRA) (terceira parada)



Estamos pisando historia, poderán derrubar as casas, pero nós somos quen de manter a memoria. Había moitas nesta zona nas que se agachaban os anarquistas e eran as mulleres as que sustentaban esta rede clandestina. Por iso, sufriron represión e morte. O facían por militancia, por conciencia obreira e solidaria, loitando polos dereitos de seu.

ISTO

*Isto non soña a súa invención
nen sequer é o soño real que ninguén inventase
Isto é tremor de trades nos dedos
no empeño de construír unha morada no reverso das rúas
a sesgo do pouso pausado da sombra
sobre un río de signos na memoria do asfalto.*

Luísa Villalta. *En concreto* (páx. 76)

▪ CINE HÉRCULES E CORO CÁNTIGAS DA TERRA (cuarta parada)

Ao chegar á **rúa san Xosé**, nun piso situado no mesmo solar do **cine Hércules** estaba a sede de dúas loxias masónicas: *Renacimiento Masónico* número 18 e *De pensamiento e acción* número 11. Eles tamén sufriron represión.

Logo o primeiro piso do cine até 1934 acolleu a asociación cultural O Centro Cultural Herculino.



O Cine Hércules. O Bisavó Pedro e Fina a tanguista.

Ao cine Hércules ía cos meus pais a ver películas de Liz Taylor ou o de Sofía Loren, que a primeira vez que a vin na pantalla pensei que era “Fina a tanguista”. Fina vivía no barrio de Calderetas, preto da casa da miña avoa, era unha muller moi fermosa cun cabelo negro como o acibeche que recollía nun moño, todo na súa cara era grande e anchas as súas cadeiras. Vivía co seu home, que non facía máis que vivir. Ela peiteaba ás veciñas do barrio e polas noites, para gañar algúns cartos máis, viña polos bares da rúa san Xoán e san Xosé a bailar tangos.

Pero con quen máis me gustaba ir ao cine era contigo, bisavó Pedro, que cando cobrabas o xornal faltábache tempo para vir buscarme. O máis semellante ao cine para nenas eran as películas de Charlot ou de Harold Lloyd. Por iso, ti sempre me dicías:

«estas valen para ti e para min». Xa de maior entendín o que querías dicir, como con moitas das túas frases e actitudes.

Nunca entrábamnos até que remataba o NODO e Chousa, o acomodador, que sabía de que pé coxeabas, permitíanos entrar despois.

Tamén isto o entendín, cando na esquina desta rúa con Beiramar, onde estaba un local da CNT, aprendíchesme o himno anarquista, e cando preguntei que eran as barricadas, ti contestaches: serven para frear ao inimigo e defenderse del, non o esquezas. tiñas razón, na vida, as veces, hai que poñer barricadas.

Nunca vin tanta guerra en tanto soño

-na película de onte quizá-

como no corazón partido entre os anuncios

-nas últimas fileiras as bocas adestradas

mordían despiadadas despedidas-

Como nun filme de amor morto en combate

Luísa Villalta. *En concreto* (páx. 25)

▪ **CÁNTIGAS DA TERRA.**

D. Adolfo Anta Seoane e as mulleres do mercado da leña.

As cancións tamén formaban parte da vida do barrio, sempre había alguén cantando, e sempre había unha canción para responder ou contestar dun xeito concluínte.

Se casar fora dun día,

Ou siquiera por un ano;

Esto de ser para sempre,

Dio-lo tenga de su mano.

*Miña Virxen da Pena non te veño a pedir pan,
véñote pedir un home que sepa varre-lo chan.*

Na **rúa San Xoán** estivo até hai moi pouco o Coro Cántigas da Terra.

Unha idea, unha ocorrencia e salvamos unha boa parte do noso folclore. D. Adolfo Anta, que no ano 1928 era o director do Coro Cántigas da Terra, ía cada quince días ao mercado de froitas e verduras da Praza da Leña. Aparecía co seu papel pautado e o seu diapasón para anotar as cancións, que aquelas mulleres vidas de moitos lugares lle cantaban. Volvía na seguinte feira, e era el o que lle cantaba á informante para ver se estaba ben. Tamén anotaba os seus nomes e o lugar de procedencia.

Grazas a unha idea, unha ocorrencia, o arquivo de *Cántigas da Terra* é fundamental para entender o que somos. As letras das cancións contan historias, debuxan o noso carácter como facía Castelao.



A base fundacional do coro eran as xentes das Irmandades da Fala, pero co tempo foi integrándose a clase obreira que moita dela saíu dos sindicatos obreiros. De feito hai

uns cantos nomes postos aos nenos e nenas de orixe anarquista entre a xente do coro, Germinal é un deles, xa que na época ese era o nome dunha das publicacións anarquistas promovidas polo centro de Estudios Sociais Germinal. Este centro fora fundado na Coruña en decembro de 1901 co obxecto de difundir a instrución e a ciencia entre o conxunto da poboación, organizando cursos, conferencias e veladas literarias.

Tamén podemos ver na portada de *Solidariedade obreira*, xornal da CNT, o anuncio da participación de Cántigas en xiras de apoio aos presos anarquistas.

Mais tamén no ano 46, nunha recepción en María Pita, o coro cantou o himno galego diante de Franco, iso si, cun biombo de por medio.

Aínda así, Cántigas sempre foi formalmente independente.

- **NA ESQUINA DE BEIRAMAR COA RÚA ATOCHA BAIXA FRONTE O ANTIGO LOCAL DA CNT (cuarta parada)**

NOMES

Os lugares gardan instantes humanos nos seus puños

/fechados:

son os nomes

Cando eu paso e vou de acó para acolá

e volvo tras ulir os lindeiros urinados da Cidade

os nomes que ninguén non escoitou aínda en toda a súa

/extensión

ábresenme en flores dunha perdida primavera

Luísa Villalta. *En concreto* (páx. 89)

- **OS VIKINGOS (5ª parada na rúa Beiramar)**

Como muller do barrio de Beiramar, mai, ti tamén eras unha muller forte e resolta. Cunha nena pequena, o home na mili, ti cosendo mangas para levarlle ao padriño, que era xastre, e sen cartos para un carro de nenos buscaches a mellor das solucións, deixarme cun viquingo. Así vía eu a aquel home de longas barbas cunha voz que semellaba saír do máis fondo do mar.

Mentres me contaba historias, eu imaxinábao coa capa de peles e o casco con cornos no máis alto do barco berrando: *«Oh Odín! Impúdico cabrón ancestral, mantén na túa letrina de merda ao Abade de Samos até que me pague o que me debe!»*

Quen sabe! Ao mellor eras un descendente dos *lordomani*, deses que non se sabe moi ben se por casualidade ou non arribaron no *Farum Brecaantum*.

Para o barrio ti eras *O barbas*, e facías queimadas e recitabas conxuros a 401 metros do cemiterio.



- **DIANTE DA BAIXADA AO BARRIO DE CALDERETAS (6ª parada)**

Chamábase así polo vello Calderetas, que era o que tiña alugadas as casas.

DESANDANDO

*Non quero entrar na memoria
sen antes ter desandado as rúas do presente
sen ter espido as entrañábeis fachadas da cortesía
onde aniñan en silencio vencellos que só saben partir*

Luísa Villalta. En concreto (páx. 85)

- **CEMITERIO DE SANTO AMARO (7ª parada) DIANTE DA PORTA E MONUMENTO**



Desde finais do século XIX a clase traballadora desta cidade mantivo unha actitude de protesta ante a perda de capacidade adquisitiva dos seus salarios.

Xa se organizaban mitins contra a suba do prezo do pan. A mesma prensa burguesa facíase eco do encarecemento das subsistencias.

Mais non só a fame levou ás traballadoras e traballadores desta cidade a protagonizar a maior folga xeral até aquel momento, a escravitude laboral na que vivían, a loita pola falta dereitos, que un século máis tarde, as nosas fillas e fillos xa están a sufrir en moitos casos, foron tamén razóns tan importantes como a necesidade de comer.

Sería de xustiza que as 7000 persoas que se xuntaron diante deste cemiterio, cun crespón negro no brazo esquerdo, en lembranza das dúas mulleres e os tres homes que morreron na revolta da rúa Cabaleiros, non fose en baldío.

Malia a falta de cartos, por subscrición popular, levantaron neste cemiterio a Columna Tronzada.



COUSAS

*Metidos no vento veñen os xérmolos das cousas
até as miñas mans
procurando uns zapatos con que deter o camiño
Pero pasan pasan pasan as cousas sen espazo suficiente
tan solidamente e sen embargo cousas
que semellan lendas en eterna transición
a embalsamar o lugar exacto do corpo
momia teimosa de demasiadas necesidades.*

Luísa Villalta. *En concreto* (páx. 84)

- **Remate do roteiro nos bancos, mirando ao mar e as rochas no barrio de Calderetas.**

Chegamos ao remate deste roteiro. Moitas grazas por compartir comigo a memoria, as sensacións concretas.

Canda min vai o cheiro do mar dos pelamios, as charetas do lume na noite do santo Xoán. O bisavó Pedro, feo, anarquista e sentimental.

A túa man firme, bisavoa, gardando a miña e a de todas as mulleres que deixastes unha pegada en min.

Afouteza, avío, coraxe, liberdade, compañeira, compañeiro, xustiza, barricadas,... palabras que agroman para escribilas eu por ti, xa que a vida non te deixou tempo para aprender a palabra escrita.

E con estes versos de Luísa Villalta e unha das súas pezas musicais favoritas, [Sarabande](#) de Bach.

*Coñecín ventos suaves que nunca máis se daban detido
outra vez, sempre o vento dos ventos
rodeando este ponto no mundo:
Cabeza, Garda, Chave, Forza e Antemural do reino renacido.*

Luísa Villalta. *En concreto* (páx. 95)